



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

*Asunto: Modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de "Centro de Día para persoas maiores" do Concello de Lousame.
Expediente: 2024/G016/000003*

INFORME TÉCNICO ECONÓMICO

Esta Intervención, na aplicación do artigo 174 do Regulamento e Organización e Funcionamento das Entidades Locais, emite o seguinte informe técnico-económico, relativo á modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de "Centro de Día para persoas maiores" do Concello de Lousame.

Fundamentación Xurídica:

O fin que se persegue coa modificación deste prezo público, non é outro que o de reunir fondos para o sostemento ou mantemento do citado servizo asistencial (Centro de Día para persoas maiores do Concello de Lousame); así como dar cumprimento á normativa autonómica nesta materia que esixe ter en conta a capacidade económica do usuario á hora de fixar o prezo público pola asistencia ao Centro de Día.

O Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non recolle no seu articulado, en canto ao establecemento dos prezos públicos, que se deba acompañar un estudo ou Memoria económico-financeira previa, como é o caso das taxas.

Porén, e conforme ao artigo 26.2 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, de aplicación supletoria no ámbito local, de acordo coa súa disposición adicional sétima, toda proposta, tanto de fixación como de modificación de prezos públicos, deberá ir acompañada dunha Memoria económico-financeira, que xustificará o importe dos mesmos e o grao de cobertura financeira dos custos.

O importe do prezo público deberá cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado, tal e como indica o artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, salvo que existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, caso no que se poderán fixar prezos públicos que non o cubran, a condición de que se consigne no orzamento a dotación oportuna.

Nada máis dispón a norma ao redor da forma de obter devanditos custos, polo que queda en mans das propias Entidades Locais o criterio a seguir.

Neste suposto seguirase unha metodoloxía semellante que a que se aplicaría no caso de que este ingreso de dereito público tivese a natureza de taxa.

Para a determinación do importe das taxas por prestación de servizos ou realización de actividades, o artigo 24.2 do TRLRFL indica que deben terse en conta tanto os custos directos como indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e os necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo por cuxa prestación se esixe a taxa.

Por último indicar, que o criterio empregado para a realización do Estudio de Custos é o de aplicar unha interpretación restrinxida dos gastos imputables ao servizo.

No momento actual, a prestación do servizo por parte do Concello efectúase de xeito directo; dando servizo a 25 usuarios. Sen embargo, o Concello realizou os trámites oportunos para incrementar a dotación do personal do Centro de Día (creación de 2 prazas novas de



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

xerocultor/a, na modificación da RPT aprobada por acordo plenario do día 05.04.2024, publicado no BOP núm. 76 do 18/04/2024; e inclusión destas prazas na OEP do ano 2024, aprobada por acordo da XGL do día 14/05/2024, publicada no BOP núm. 97 do 21/05/2024). De igual xeito, no orzamento definitivo do 2024, no seu Anexo e Cadro de Persoal, recóllese o crédito para a cobertura destes dous novos postos.

Para a realización do Estudo de Custos considérase que o Centro de Día está ao máximo da súa capacidade (40 usuarios); tomando a proxección de ingresos calculada polo Departamento de Servizos Sociais para eses 40 usuarios, e os gastos precisos para a atención dos mesmos.

1. Custos orzamentarios

1.1. Custos de persoal:

Calcúlanse tomando en conta as persoas directa e indirectamente relacionadas coa prestación do servizo, os seus custos salariais (*retribucións anuais e gastos sociais*) e o tempo que dentro da súa xornada anual dedicarían á prestación deste servizo.

O resultado é o seguinte:

<i>Persoal que intervéñ</i>	<i>Custo salarial anual</i>	<i>Salario subvencionado</i>	<i>Custo soportado do servizo</i>
Terapeuta ocupacional (tempo completo)	33.618,32	33.618,32	0,00
5 xerocultores (tempo completo)	114.329,06	0	114.329,06
Auxiliar Administrativo Servizos Sociais (7,5 horas / semana)	7.403,19	4.275,34	3.127,85
Administrativo Tesourería (1 hora/ mes)	308,66	0	308,66
Administrativo Contabilidade (2 horas /mes)	610,56	0	610,56
Total custos persoal			118.376,14

1.2 Aproximacións: compras correntes de bens e servizos:

Calcúlase tomando en conta os gastos correntes que sexan imputables ao desenvolvemento do servizo, segundo os datos facilitados polo Departamento de Servizos Sociais, e que se trasladaron ao orzamento definitivo do 2024, na área de gasto 231. O resultado é o seguinte:

<i>Tipo de ben/servizo</i>	<i>Custo servizo</i>
Reparacións e mantemento de edificios e outras construcións C.día	4.500,00
Reparacións e mantemento de elementos de transporte (C.Día)	4.500,00
Reparacións e mantemento. Mobiliario (C.Día)	2.500,00
Material de oficina ordinario non inventariable (C.Día)	1.500,00
Energía eléctrica C.Día	3.600,00
Combustible para vehículo e gas propano	7.500,00
Vestuario C. Día	1.500,00



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Produtos alimenticios C. Día	8.800,00
Productos farmacéuticos e material sanitario C.Día	150,00
Productos de limpeza e aseo (C.Día)	2.300,00
Servizo de transporte C. Día	3.500,00
Seguro vehículo C. Día	750,00
Limpeza C. Día	12.500,00
Alarma e extintores C. Día	350,00
Comedor C. Día	65.208,00
Recollida biosanitarios	150,00
Desratización	209,00
Total bens e servizos que se imputan á prestación do servizo	119.517,00

2. Custos non orzamentarios

Están constituídos esencialmente polas amortizacións técnicas dos bens do inmovilizado material adscritos a cada servizo. Estes bens sofren un desgaste pola súa utilización e unha depreciación polo transcurso do tempo.

Calcúlase partindo do valor do inmovible que de xeito principal vai participar no desenvolvemento do servizo (Centro de Día de Lousame).

O resultado é o seguinte:

Ben	Valor Estimado, según proxecto técnico	Amortización Anual	Custo do Servizo
Centro de Día	503.796,06	25.189,80	25.189,80
Total amortización bens de inmovilizado material			25.189,80

3. Custos indirectos: ou de estrutura

Están constituídos polos gastos xerais de funcionamento da Entidade Local, que se reparten entre os gastos imputables aos centros intermedios e aos centros finais.

Para isto, pártese:

- Do Grupo de Programa específico ao que se imputa o servizo: 231 – Asistencia Social Primaria.
- Centros Intermedios: Serían as Obrigacións Recoñecidas Netas no último exercicio liquidado (2023) en cada unha das Políticas de Gasto da Área 2.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Centros finais: Serían as Obrigacións Recoñecidas Netas no último exercicio liquidado (2023) en cada unha das Áreas de Gasto da entidade local.

Finalmente, calcúlase que peso ten o Grupo de Programa Específico (231) no total anual, e o peso que ten o Centro de Día no Grupo de Programa Específico, para efectuar esa imputación de custos de estrutura.

O resultado é o seguinte:

3.1 *Centros Mediais*

Política de Gasto	ORN 2023
23	886.325,07
24	94.659,55
Total	980.984,62

3.2 *Centros Finais*

Área de Gasto	ORN 2023
0	66.228,51
1	1.266.375,22
2	980.984,62
3	512.666,99
4	239.526,59
9	574.768,82
Total	3.640.550,75

3.3 *Grupo de Programa Específico:*

	ORN 2023
Grupo de Programa específico (231)	886.325,07

3.4 *Imputación de custos indirectos:*

Custo indirecto imputable ao servizo (anual)	238.829,60
Custo indirecto imputable ao Centro de Día (% C. Día sobre GP específico)	63.003,25



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4. **Custo estimado de prestación do servizo**

Custos de persoal	118.376,14
Bens correntes	119.517,00
Amortización	25.189,80
Custos indirectos	63.003,25
Total	326.086,19

Análise do Binomio Custos Estimados-Beneficio Estimado:

Desta análise resulta o seguinte:

Servizo prestado	Usuarios	Importe estimado mensual a ingresar polos usuarios	Importe estimado anual ingreso usuarios
Atención a usuarios no Centro de Día de Lousame	40	16.328,60	195.943,20

	Custo estimado de prestación do servizo	Importe estimado anual ingreso usuarios	Importe cobertura prezo público/servizo prestado
Bimonio custo-beneficio	326.086,19	195.943,20	(-)130.142,99

Así, o prezo público proposto, só supón a cobertura do 60,09 % do custo estimado do servizo prestado.

Polo tanto, o importe do prezo público que se quere modificar non cubriría o custo real ou previsible do servizo que se quere levar a cabo e que se grava co dito prezo público.

É preciso incorporar ao expediente unha memoria xustificativa ou informe técnico das razóns sociais, benéficas, culturais e de interese público que aconsellen fixar un prezo público que non cubra o custo estimado do servizo.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Secretaria-Interventora

Paula Ares Otero